

Reunión ordinaria 23 setembro 2025

Data: 23 Setembro 2025
Hora: 16.30h
Lugar: videochamada online

Reúnense os membros do departamento (a excepción de Emilio) para decidir varios os seguintes aspectos do curso:

- 1. Libros Biblioteca**
- 2. Documentación Avaliación Inicial.**
- 3. Criterios de cualificación de habilidades para 2º curso (xa que rematan en febreiro) e a distancia.**
- 4. Enfocar o módulo de Afondamento para ver como desenvolve e avalialo por trimestres.**
- 5. Calquera outro tema pendente.**

1. Comézase falando dos libros da Biblioteca, e infórmase de que se alguén quere pedir algún libro que llo comunique.

2. Lémbrese tamén que temos que cumprimentar a documentación por grupo da avaliación inicial e entregarlle o titor de cada grupo para ESO, Bacharelato, FP Básica e a ESA.

3. Concrétanse que os criterios de cualificación de inglés a distancia mantense os mesmos co do ano pasado. Con respecto a Habilidades Comunicativas a Distancia, decídese que as profesoras que o imparten van comparar e consensuar antes de tomar unha decisión.

En Habilidades Comunicativas de 2º curso ordinario na rama de electrónica decídese que os criterios serán os mesmos que na rama de administrativo, e os trimestres ponderarán a partes iguais (50% no primeiro trimestre e 50% no 2º trimestre)

No que respecta a DUAL, en IDMN vanse manter os mesmos criterios cos usados no ano pasado e quedan pendentes en CAE DUAL.

Na rama de sanidade, os ciclos de Farmacia e Para Farmacia e Emerxencia Sanitaria só ten unha hora de Habilidades Comunicativas á semana, polo tanto a profesora que o imparte decidirá os criterios de cualificación, quedando estes pendentes.

4. Fanse dúas propostas para aborda-lo módulo optativo de Afondamento en Competencia Profesional na rama de Administrativo. A primeira dun proxecto dividido en 3 bloques (3 trimestres) que o alumnado iría completando ó longo do curso, e o outro sería o desenvolvemento de seis unidades de 5 sesións no que o alumnado poñe en práctica o adquirido en inglés e habilidades comunicativas).

Decídese que nos ciclos superiores ordinarios de Administración e Finanzas e Asistencia a Dirección o alumnado elaborará un proxecto, mentres que no ciclo medio de Xestión Administrativa é posible que a segunda proposta encaixe mellor.

Mencionase o problema de enfocalo coma proxecto polo tema da asistencia nos ciclos administrativos a distancia, polo que as profesoras de ditos ciclos vanlle dar unha volta para ver como enfocalo.

Finalmente, a maiores comentouse que no banco de recursos de FP pode atoparse material e está dispoñible para aquel que queira usalo.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza a vídeo chamada ás 18.00h.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. RICARDO MELLA

Estrada Vella Madrid 177 – 36214 Vigo. Pontevedra.

Teléfono: 886121100 – Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo Electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es



Departamento de

Inglés

galicia

A xefa de departamento,

Alicia Sánchez González

Emilio Pérez Lorenzo

Alejandro García Rodríguez

Ana Isabel González Vieites

Xulia Gutiérrez Rodríguez

Camen Antolín Pichel

Amelia Piñeiro Santorum